

# JOKER: FOLIE À DEUX

Todd Phillips, 2024

# 1391

ESTREA EN NUMAX: 11.10.2024 | V.O.S.E. | +16 | 138 min

Tras crear o caos, Arthur Fleck foi internado en Arkham á espera de xuízo polos seus crimes como Joker. Mentres lida coa súa dobre identidade, Arthur non só encontra o amor verdadeiro, senón que tamén descobre a música que sempre estivo dentro del.

«Un filme tan admirable como desquiciado»

Luis Martínez, EL MUNDO



## Un exercicio kamikaze de honestidade

Por Manu Yáñez

Os cinéfilos conservamos no máis profundo do noso corazón aquela escena de *Two Lovers* de James Gray na que Joaquin Phoenix, inspirado polo seu amor cara ao personaxe de Gwyneth Paltrow, asaltaba unha pista de baile e convertíaa na súa festa particular. Pouco importaba que os movementos do actor non fosen especialmente elegantes ou estilizados; a súa capacidade para representar a éxtase da paixón amorosa transcendía calquera idea de virtuosismo. Dezaseis anos despois da obra mestra de Gray, reencontrámonos co mesmo Phoenix, disposto a converter *Joker: Folie à Deux* noutro tempestuoso campo de batalla actoral. Si, aquí Phoenix volve bailar, porque a secuela de *Joker* (2019) é un musical en toda regra. En ocasións, o baile é basto, case ortopédico, pero outras veces Phoenix demostra a súa profesionalidade ao marcarse un brillante zapateado de claqué –se o modelo do primeiro *Joker* era o Robert De Niro d'*O rei da comedia* (Martin Scorsese, 1982) o de *Joker: Folie à Deux* sería un híbrido entre Fred Astaire e o Freddie Quell.

Pero, máis aló do baile, o golpe de graza do novo traballo de Todd Phillips está no achegamento ao canto. Hai algo máis confesional que o modo en que entoamos unha canción? Pódese ocultar algo cando facemos vibrar sen ambaxes as nosas cordas vocais? Consciente deste imposible, Phoenix entrégase a un exercicio kamikaze de honestidade vocal. Entoando un impensable medley de standards americanos, Phoenix hospede bocanadas de verdade coa súa voz cavernosa (é Leonard Cohen o seu modelo?), aínda que tamén é capaz de afiar a agudeza do seu timbre vocal para sublimar a gloria e a desesperación do seu personaxe, que xa importa pouco se se chama *Joker* ou Arthur Fleck; é só un home ferido nun mundo á deriva.

O principal referente formal de *Joker: Folie à Deux* é o traballo do dramaturgo británico Dennis Potter nas series *Pennies from Heaven* (1978) e *The Singing Detective* (1986), nas que os personaxes expresaban os seus sentimentos poñéndose a cantar cancións populares, moitas delas das décadas de 1940 e 1950. Potter construíu o seu universo sobre a fronteira entre a realidade dos seus personaxes e a fantasía romántica dos xéneros fílmicos e literarios. Pola súa banda, Phillips percorre esa fronteira cunha liberdade abraiante. Hai momentos nos que os números musicais caen ao lado do real, (...) pero logo hai outras pasaxes nos que a fantasía se apodera da representación, como cando o vínculo de comprensión e afecto entre o *Joker* e Harley Queen se celebra ao son do tema 'Bewitched (Bothered and Bewildered)', composto por Richard Rodgers e Lorenz Hart para o musical *Pal Joey* (George Sidney, 1957).

Ver a Phoenix e Lady Gaga inxectando nova vida a estes temas do repertorio popular yanki é un espectáculo único, pero isto non significa que a trama de *Joker: Folie à Deux* non teña unha entidade propia, máis aló das cancións. Prolongando a súa mirada crítica cara á América contemporánea, Phillips apunta con precisión e furia contra varias secuelas do mundo moderno, como o apego dos medios de comunicación ao sensacionalismo, ou a violencia que se estende polas institucións xudiciais, policiais e políticas. Mesmo é posible atopar nesta secuela unha corrección da ambigüidade que podía existir en *Joker* respecto ao retrato (eloxioso ou despectivo) da figura do líder populista revolucionario. *Joker: Folie à Deux* aclara a cuestión cando, nunha escena cuxa iconografía remite aos atentados do 11 de setembro de 2001 en Nova York, Arthur Fleck se converte en vítima do fanatismo dunha masa enfurecida que ben podería estar formada por seguidores de Donald Trump.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Joker*,  
Todd Phillips.  
Warner Bros [DVD]

*Musicales*,  
Luis Poyo.  
Lunberg, 2021

*Batman. Serenata nocturna*,  
David Hernando.  
Booket, 2014